

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O
DÍA 22 DE DECEMBRO DE 2016.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS** do día **VINTEDOUS DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **KLAUS BREY MONTAÑA** e os concelleiros **ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA** e **JESUS TABOADA LÁZARA**. Asisten igualmente a concelleira **Mª del PILAR PEÓN IGLESIAS**.

Secretario da Corporación: **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA**, que da fe.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.**
- 2º.- **ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**
- 3º.- **DEVOLUCION DE AVAIS.**
- 4º.- **DAR CONTA DE DECRETOS.**
- 5º.- **SERVIZOS SOCIAIS.**
- 6º.- **SUBVENCÍONS CULTURAIAS. ANO 2016**
- 7º.- **SUBVENCÍONS DEPORTIVAS. ANO 2016**

1º.- **ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.**

Queda aprobada a Acta da sesión do;
- 01 de Decembro de 2016

2º.- **ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

Pola Alcaldía dase conta do texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e os Concellos da Provincia de Pontevedra cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a implantación do proxecto "**Servizo de Administración Electrónica para Concellos**", que trascríbese a continuación:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA A IMPLANTACIÓN DO PROXECTO "SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA CONCELLOS"

En Pontevedra, a __ de __ 2016

REUNIDOS

Dona María del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial, de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

D./Dona ... Alcalde/Alcaldesa do Concello de xxxx, actuando en representación do mesmo en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Dando fe do acto, D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra

Ambas as partes recoñécense con capacidade para formalizar este convenio e, en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións entre as administracións públicas,

EXPOÑEN

Primeiro. *A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas dispón, con carácter xeral, que os cidadáns non só teñen o dereito a relacionarse coa administración por medios telemáticos, senón que esta debe facilitar o acceso por medios electrónicos dos cidadáns á información e ao procedemento administrativo, con especial atención á eliminación dos obstáculos que limiten dito acceso.*

Neste sentido, a promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e as comunicacións, así como o impulso da utilización interactiva das mesmas, é unha competencia propia dos Cenceños de acordo co disposto, entre outros, nos artigos 25.2.ñ) e 70.bis.3 da Lei de Bases de Réxime Local.

Segundo. *Poia súa banda, a Deputación de Pontevedra ten entre os seus fins xenéricos garantir a prestación integral e adecuada en todo o territorio da provincia dos servizos de competencia municipal, así como a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión*

Así mesmo, o artigo 36.1.g) da Lei de Bases de Réxime Local establece que é unha competencia propia das Deputacións a prestación dos servizos de administración electrónica nos Concellos con poboación inferior a 20.000 habitantes, precepto que da efectividade á prestación duns servizos que esixen a aplicación da tecnoloxía informática que os municipios de pequena ou mediana poboación poden non estar en condicións de asumir.

Terceiro. *En relación co anterior, a Deputación de Pontevedra acordou aprobar, na sesión da Xunta de Goberno de 27 de maio de 2016, o expediente de*

contratación para a adxudicación do contrato relativo a un “ACORDO MARCO QUE REXERÁ A PRESTACIÓN DO SERVIZO PARA A IMPLANTACIÓN, USO E SOPORTE DUNHA SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA CONCELLOS”, coa finalidade de dispor de medios técnicos necesarios para prover aos concellos da provincia de Pontevedra dunha solución de administración electrónica que lles permitirá dispoñer dunha sede electrónica personalizada para a súa relación coa cidadanía e dun portal de tramitación para os empregados municipais que permitirá a xestión integral dos procedementos e expedientes por medios electrónicos.

Todos os servizos contratados prestaranse sen que os concellos deban asumir custo algún de instalación ou dotación de infraestrutura hardware ou software derivada do uso do sistema ofertado.

Cuarto. *Mediante acordo da Xunta de Goberno adoptado en sesión celebrada o 14 de outubro de 2016, adxudicouse o servizo para a implantación, uso e soporte dunha solución de administración electrónica para concellos de menos de 50.000 habitantes á empresa AULOCE, S.A.*

A duración do acordo marco será de 2 anos a contar desde a data de formalización do mesmo.

Quinto. *O 9 de novembro de 2016 asinouse o contrato coa empresa AULOCE, S.A., de forma que a Deputación de Pontevedra está en disposición de ofrecer, aos concellos da Provincia de Pontevedra que libremente se adhiran a este servizo, unha solución de administración electrónica que facilite aos cidadáns o acceso telemático aos servizos públicos en calquera momento e desde calquera lugar, con plenas garantías de seguridade e validez xurídica, de acordo co establecido na Lei 39/2015.*

Sexto. *Tendo en conta que os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como se establece no artigo 57 da Lei de bases do réxime local e no artigo 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e existindo vontade de colaboración das entidades comparecentes, as partes acordan subscribir este convenio segundo as seguintes*

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

Este Convenio ten por obxecto regular as bases de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de XXXXX para dotalo dunha administración electrónica, interconectada e transparente, mellorando a axilidade dos procedementos e expedientes administrativos e reducindo os tempos de

tramitación cos servizos incluídos no proxecto "SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA CONCELLOS".

Estes servizos, á data da sinatura do contrato, son os seguintes:

- A implantación, parametrización e posta en marcha de todos os módulos que forman parte do servizo de administración electrónica. Desta maneira porase ao disposición do persoal técnico dos concellos unha xestión electrónica de expedientes e unha sede electrónica para as e os cidadáns.*
- Xestión do cambio mediante a cal se impartirán cursos de formación ao persoal que indique o Concello, necesarios para a aprendizaxe do novo entorno.*
- Soporte e mantemento correctivo e de adaptación e seguimento desde o momento de posta en produción e durante todo o período de garantía de proxecto que garantan a corrección de incidencias e a actualización e inclusión de novas funcionalidades.*

Segunda. Obrigas do Concello

O Concello comprométese ao seguinte:

1. Autorizar á empresa adxudicataria para que poida realizar todas as operacións necesarias para a implantación dos servizos enumerados no apartado anterior.

2. Nomear a un interlocutor único, que actuará como persoa de referencia ante o organismo provincial no desenvolvemento do proxecto "SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA CONCELLOS". Para estes efectos a persoa interlocutora identificará as persoas idóneas para cada servizo ou área para facilitar a organización de reunións, a execución das tarefas e a obtención dos datos necesarios para a Deputación e a empresa adxudicataria. O Concello deberá comunicar, no prazo máximo de 5 días desde a sinatura do Convenio, quen é a persoa que actuará como interlocutora.

3. Pór a disposición da institución provincial e da empresa adxudicataria, no menor tempo posible e sempre nun prazo non superior a 10 días desde a súa solicitude, a información necesaria para facilitar a implantación da aplicación no Concello.

4. Responder as consultas realizadas pola Deputación e a empresa adxudicataria no menor tempo posible, sempre nun prazo non superior a 7 días a partir da recepción da consulta.

5. Colaborar de maneira activa co organismo provincial e coa empresa adxudicataria nas visitas ás instalacións do Concello, así como na resolución das

dúbidas que puidesen xurdir sobre a información obtida.

Terceira. Obrigas da Deputación de Pontevedra

A Deputación de Pontevedra comprométese ao seguinte:

- 1. Encargarse da implantación e parametrización no Concello dos servizos que require o proxecto "SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA CONCELLOS".*
- 2. Respectar e protexer a confidencialidade dos datos propiedade dos concellos adoptando as medidas de seguridade que sexan necesarias para tal fin garantindo o cumprimento do establecido no artigo 12 da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal (LaPO) e do Real decreto 1720/2007, polo que se aproba o regulamento do desenvolvemento da LOPD.*
- 3. Organizar os cursos de formación necesarios para que o persoal do Concello poida coñecer adecuadamente o contido dos servizos incluídos neste proxecto, así como prestar a asistencia técnica que o Concello necesite.*
- 4. Comunicarlle ao Concello calquera modificación na prestación dos servizos de administración electrónica debida a cambios tecnolóxicos ou legais.*
- 5. A prestar o servizo, a través da empresa adxudicataria, sen ningún custo económico para o Concello.*

Cuarta. Protección de datos

O Concello autoriza o tratamento dos datos de carácter persoal que precise realizar a empresa adxudicataria para desenvolver o proxecto.

Neste sentido, tanto o organismo provincial coma a empresa adxudicataria comprométese a adoptar as medidas de índole técnica e organizativas necesarias para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal e evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.

En calquera caso, nin a Deputación de Pontevedra nin a empresa adxudicataria empregarán con outra finalidade os datos nin os comunicarán en ningún caso a outras persoas ou entidades, salvo por excepcións legais ou por mandato do titular da información.

Quinta. Confidencialidade

A institución provincial e a empresa adxudicataria comprométese a cumprir e facer cumprir os deberes de segredo profesional e confidencialidade establecidos no artigo 10 da LOPO.

A empresa adxudicataria ten o compromiso de respectar o carácter confidencial da información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato, como se establece no artigo 140 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Sexta. Duración

Este convenio producirá efectos desde o momento da súa sinatura e terá vixencia durante o prazo de dous anos, que poderán ser prorrogados ata dous anos máis no caso de que se prorrogue o acordo marco que rexe o procedemento de contratación deste servizo.

A prórroga deberá acordarse expresamente por mutuo acordo das partes, sen que poida producirse o seu consentimento tácito.

Sétima. Réxime económico

O desenvolvemento coordinado do proxecto entre as partes asinantes levarase a cabo nos termos que establece este convenio, sen custo económico para o Concello.

Oitava. Modificación do convenio

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora e da Intervención e Secretaría Xeral da Oeputación.

Novena. Seguimento dos traballos

Para avaliar o desenvolvemento do convenio de colaboración constituirase unha comisión de seguimento composta por dous representantes de cada institución asinante, actuando como presidente da mesma un dos representantes da Deputación.

Esta comisión encargarse do seguimento das actuacións e avaliación dos resultados e desenvolverase durante toda a duración do convenio de xeito continuado.

A comisión ditará as súas propias normas internas de funcionamento, reunirse cando o solicite algunha das partes e, en todo caso, como mínimo unha vez ao ano; ostentará a prerrogativa da interpretación e resolución de cantas dúbidas e controversias xurdan na aplicación do convenio.

Décima. Resolución do convenio

Son causas de resolución:

a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.

b) O acordo unánime de todos os asinantes.

c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, a outra parte poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento tamén será comunicado á comisión de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio.

Se trascurrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará a outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento.

f) Por calquera outra causa distinta das anteriores previstas noutras leis.

Undécima. Réxime xurídico

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase po/as súas propias cláusulas. En defecto destas, polas normas xerais do dereito administrativo.

Duodécima. Resolución de conflitos

Mediante a sinatura deste convenio as partes comprométense a resolver de mutuo acordo as incidencias que poidan xurdir no seu cumprimento.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir entre as partes durante o desenvolvemento e execución deste convenio e que non poidan ser resoltas pola Comisión de seguimento prevista na cláusula novena someteranse á xurisdición contencioso-administrativa.

Despois de ler as dúas partes este convenio asínano como proba de conformidade e por duplicado no lugar e a data que se indican máis arriba.

A PRESIDENTA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.- María del Carmen Silva Rego

O ALCALDE/A ALCALDESA DO CONCELLO DE

O SECRETARIO XERAL DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.- Carlos Cuadrado Romay.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación ó texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e os Concellos da Provincia de Pontevedra cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a implantación do proxecto “**Servizo de Administración Electrónica para Concellos**”, e remitir este acordo ao Servizo de Asistencia Intermunicipal, para proceder á sinatura do convenio.

3º.- DEVOLUCION DE AVAIS.

3.1.- De CONSTRUCCIONES FERNÁNDEZ SARMIENTO, S.A. escrito de data 05 de decembro de 2016, Rexistro de Entrada nº 5394 de 02.12.16, solicitando devolución de aval correspondente á obra "Mellora da Seguridade Vial, cascos urbáns de Silleda e Bandeira" do Plan CPV-45200000-9 (PUSIM/2014), por importe de 847,92 €, ingresado en metálico o 13 de outubro de 2014 na entidade Abanca.

VISTO que a actuación foi recibida polo Concello, sen que exista reparo algún e habendo transcurrido o prazo de garantía,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA**:

- Proceder a devolución do AVAL de **CONSTRUCCIONES FERNÁNDEZ SARMIENTO, S.A.**, formalizado en metálico o 13 de outubro de 2014 na entidade Abanca, polo importe de 847,92 €, sen que exista reparo algún por parte do Concello sobre a súa execución.

4º.- DAR CONTA DE DECRETOS.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dase conta do seguinte Decreto da Alcaldía de data 22 de decembro de 2016, que literalmente dí:

“DECRETO DA ALCALDÍA

Visto que por parte do Departamento de Comercio do Concello de Silleda, se elaboraron as Bases do XVII Concurso de Escaparates para o Nadal 2016-17.

Visto que no apartado de premios figura como primeiro, o que se outorga polo Concello de Silleda e consiste entre outros, nun Diploma e unha cantidade de 200 € que se entregará en efectivo.

Visto que conforme ás Bases, os premios foron concedidos por un xurado

presidido pola Concelleira de Comercio en representación do Alcalde de Silleda.

Visto que segundo a Acta da Reunión do Xurado celebrada o día 20 de decembro de 2016 e debidamente asinada, aparece como gañador o establecemento denominado: FLORISTERÍA CARMÍÑA.

Esta Alcaldía RESOL VE:

1.- Dar o Visto e Prace dos acordos tomados na Acta do Xurado calificador co XVII Concurso de Escaparates, que conceden o primeiro premio ao establecemento denominado: FLORISTERÍA CARMÍÑA.

2.- Aprobar o pago da cantidade de 200,00 € ao devandito comercio como gañador do 1º Premio.

3- Dar traslado deste decreto á Xunta de Goberno Local.

4- Darlle conta á Intervención do acordo para que realice o pago.”

A Xunta de Goberno Local acorda quedar enterada desta resolución.

5º.- SERVIZOS SOCIAIS.

5.1.- Acordo de Emerxencia Social.

Visto o informe preceptivo da traballadora social do Concello, Beatriz Cuiña Iglesias, de data 05 de decembro de 2016, a Xunta de Goberno Local

ACORDA:

Prestar aprobación o expediente de emerxencia social tramitada a nome de
xxxxxx

5.2.- Acordo de Emerxencia Social.

Visto o informe preceptivo da traballadora social do Concello, Beatriz Cuiña Iglesias, de data 07 de decembro de 2016, a Xunta de Goberno Local

ACORDA:

Prestar aprobación o expediente de emerxencia social tramitada a nome de
xxxxxxxxxxxxxxxxXXX

5.3.- Acordo de Emerxencia Social.

Visto o informe preceptivo da traballadora social do Concello, Beatriz Cuiña Iglesias, de data 13 de decembro de 2016, a Xunta de Goberno Local

ACORDA:

Prestar aprobación o expediente de emerxencia social tramitada a nome de
XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX

5.4.- Acordo de Emerxencia Social.

Visto o informe preceptivo da traballadora social do Concello, Beatriz Cuiña Iglesias, de data 22 de decembro de 2016, a Xunta de Goberno Local

ACORDA:

Prestar aprobación o expediente de emerxencia social tramitada a nome de
XXXXXXXXXX

5.5.- Expediente de solicitude de comunicación de alta no SAF no programa de libre concorrencia, de P.C.G.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** a alta no SAF, a **P.C.G.**

5.6.- Expediente de solicitude de comunicación de renuncia no SAF no programa de libre concorrencia, de M.S.F.G.

6º.- SUBVENCIÓN CULTURAIS. ANO 2016

Pola Alcaldía dase conta do informe emitido polo Interventor accidental, de data 17 de decembro de 2016, sobre xustificación das subvencións concedidas ás Asociacións Culturais do Concello de Silleda, exercicio 2016, que transcríbese a continuación:

“INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS ÁS ASOCIACIÓNS CULTURAIS DO CONCELLO DE SILLEDA. EXERCICIO 2016.

Presentadas na Intervención Municipal as xustificacións relativas ás subvencións concedidas no exercicio 2016 ás Asociacións Culturais do Concello de Silleda que a continuación se relacionan, esta Intervención emite o seguinte INFORME:

1.- ANTECEDENTES:

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de febreiro de 2016, acordouse

aprobar as bases reguladoras da concesión de subvencións en materia de actividades culturais e deportivas, aprobando a estes efectos, as Bases Reguladoras da convocatoria para o outorgamento das devanditas subvencións. Na Xunta de Goberno Local do día 15 de xuño de 2016, acordou a concesión de subvencións as entidades culturais dacordo co detalle que se indica a continuación:

Nome da Asociación	Importe concedido
A.A.V.V. Santiago Apostol de Taboada	PAGADA 250,00 €
A.A.V.V. de Parada	250,00 €
Asociación Veciñal a Trabe de Ponte	255,00 €
A.A.V.V. de Laro	320,00 €
Asociación de Mulleres Rurais de Abades	190,00 €
Asociación Veciñal Mánduas: AVEMA	320,00 €
Asociación Feiral Semana Verde	350,00 €
ANPA Brincadeira	320,00 €
Asociación de Mulleres do Municipio de Silleda	250,00 €
Asociación de Mulleres a Fervenza do Castelo	190,00 €
Asociación de Mulleres Rurais Santa Isabel	190,00 €
A.A.V.V. Olaia	500,00 €
Asociación Cultural Vista Alegre	2.235,00 €
Asociación de vecinos de Refoxos	100,00 €
Adellís	380,00 €
Asociación Coto do Castelo	260,00 €
Asociación Axóuxere	190,00 €
Banda de Música Municipal de Silleda	11.900,00 €
Asociación Musical Recreativa e Cultural de Bandeira	11.430,00 €
Coral Polifónica Trasdeza	PAGADA 3.000,00 €
Coro Valés Mahía	1.740,00 €
Asociación Cultural Xirandola	4.000,00 €
Asociación de Baile Xuvenil Fortín da Pomba	3.700,00 €
Son da Fervenza	320,00 €
A.A.V.V. a Costa de Abades	260,00 €
Asociación Cultural de Cortegada	370,00 €
Asociación Pao de Buxo	250,00 €
ANPA Musiquiños	270,00 €
Asociación Cultural e Musical Gaiteiros da Pereiriña	320,00 €
Asociación de amigos do grupo de gaitas Carqueixas	250,00 €
Vilar de Trasdeza	260,00 €
Amigos da Casa Escola de Paredes	190,00 €
Asociación o Cruceiro	190,00 €
	45.000,00 €

As Bases reguladoras das subvencións para Asociacións Culturais do Concello de Silleda establecen os seguintes requisitos para a xustificación das cantidades concedidas:

“ARTIGO 11.- XUSTIFICACIÓN E COBRO DAS SUBVENCIONS.

O prazo para a xustificación das subvencións finalizará o 15 de decembro de 2016, salvo que se solicitase antes do remate do antedito prazo e fose concedida prórroga, debendo no seu caso, motivarse a concesión da mesma.

Se non se presentase a xustificación da totalidade da subvención dentro do prazo (inicial ou prorrogado) iniciarase o expediente de anulación do correspondente compromiso, reducíndose proporcionalmente a cantidade concedida ao gasto xustificado.

A xustificación dos gastos, de acordo co fin para o que se concedeu a subvención, deberá realizarse presentando a documentación xustificativa seguinte nos prazos indicados na presente convocatoria:

- Memoria descritiva das actividades realizadas sinalando as datas e lugares de realización e dos gastos e ingresos totais obtidos por todos os conceptos, debidamente rubricada e conformada polos representantes das entidades beneficiarias da subvención (segundo modelo que se entregará no Rexistro do Concello).

- Relación das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións ou Entidades Públicas ou privadas para o mesmo obxecto; en caso negativo, deberá deixarse constancia deste feito no expediente mediante a correspondinte declaración responsable (segundo modelo que se entregará no Concello).

- No caso de gastos de prestacións persoais de servizo (incluídos os pagos aos directores as especializados), acreditación mediante nómina factura e calquera outro admitido en dereito.

- No caso de gastos de material, subministracións etc, orixinal ou fotocopia (ou documentos acreditativos do gasto substitutivos da factura contemplados no artigo 4 do Real Decreto 1496/2003) representativos dos gastos realizados.

As facturas deberán conter como mínimo, os seguintes requisitos:

- Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.

- Desagregación do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención, deberá facerse constar expresamente na factura.

- Nome, enderezo e NIF ou CIF do beneficiario da subvención.

- Descrición do servizo ou subministro prestado.

- Número de factura, data de emisión e denominación de "factura", así como xustificación de ter sido aboada.

- O importe dos gastos xustificados deberá acadar, como mínimo, a contía da subvención concedida.

- Declaración de que as facturas ou xustificantes corresponden a actividade e entidade subvencionada.

Á vista da documentación xustificativa presentada, o órgano competente estimará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados, e propondrá que se efectúe o pagamento da subvención. No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección.

O pagamento da subvención efectuarase mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola entidade, cuxo titular deberá ser a entidade beneficiaria con carácter previo ao pagamento das cantidades concedidas, comprobarase de oficio pola Tesourería Municipal que as entidades beneficiarias non teñen débedas pendentes co Concello. Neste suposto, procederase ao seu cobro por compensación mediante a súa deducción da obriga de pagamento”.

É necesario ter tamén en conta o disposto no art. 2, que dí o seguinte, respecto dos gastos subvencionables:

“ARTIGO 2. FINALIDADE E OBXECTO.

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas para que os seus destinatarios realicen as seguintes actividades:

A) Promoción de Actividades Culturais.

Poderán optar a estas subvencións as asociacións culturais e asociacións de veciños, educativas ou outras entidades sociais que presten servizos ou organicen actividades sen fin de lucro do tipo (organización de actividades que fomenten a cultura, a educación, o turismo ou a participación cidadá).

As Asociacións ou Entidades só poderán concurrir a unha das categorías de subvención convocadas polo Concello (Culturais ou Deportivas)

Non serán obxecto de subvención:

Os gastos de mantemento ordinario: auga, luz, gas, comidas e bebidas e teléfono. Só se admitiran os gastos provenientes de seguros ou alugueiros se estiveren directamente relacionados coas actividades obxecto da subvención.

As actividades suxeitas a un Convenio de Colaboración co Concello, e as que que recibisen calquera outro tipo de achega municipal

Os gastos que non estean directamente vinculados ás actividades realizadas, ou que carezan da natureza propia desa actividade.

O período que se terá en conta para a realización de actividades será do 1 de xaneiro ó 10 de decembro de 2016”.

As Asociacións, Asociación de Mulleres Rurais de Abades, A.A.V.V. Olaia, Adellís, Son da Fervenza e Amigos da Casa Escola de Paredes, a data de hoxe non presentaron a documentación xustificativa da subvención, ou escrito expreso de renuncia á mesma, polo que queda anulada a obriga do importe concedido a cada una delas.

Por todos os defectos expostos, fiscalízase de disconformidade a aprobación da conta xustificativa das subvencións ás Asociacións Culturais, interpoñendo o correspondente reparo de legalidade suspensivo do procedemento, por omisión de requisitos ou trámites esenciais, correspondendo o levantamento do mesmo ao Alcalde-Presidente da Corporación..”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación ó informe emitido polo Interventor accidental, de data 17 de decembro de 2016, sobre xustificación das subvencións concedidas ás Asociacións Culturais do Concello de Silleda, exercicio 2016, anteriormente transcrito.

7º.- SUBVENCÍONS DEPORTIVAS. ANO 2016

Pola Alcaldía dase conta do informe emitido polo Interventor accidental, de data 17 de decembro de 2016, sobre xustificación das subvencións concedidas ás Asociacións Deportivas do Concello de Silleda, exercicio 2016, que transcríbese a continuación:

INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS ÁS ASOCIACÍONS DEPORTIVAS DO CONCELLO DE SILLEDA. EXERCICIO 2016.

Presentadas na Intervención Municipal as xustificacións relativas ás subvencións concedidas no exercicio 2016 ás Asociacións deportivas: Club de Pesca Castillo Ulla-Deza, BTT Trasdeza, S.D. Bandeira, S.D. de Caza, Pesca e Tiro de Silleda, Clube Deza Padel, Clube Toxa Arco, Clube Petanca Bandeira, C.F. Lamela, C.F. Laro e S.D. Silleda, esta Intervención emite o seguinte INFORME:

1.- ANTECEDENTES:

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de febreiro de 2016, acordouse aprobar as bases reguladoras da concesión de subvencións en materia de actividades culturais e deportivas, aprobando a estes efectos, as Bases Reguladoras da convocatoria para o outorgamento das devanditas subvencións, foron publicadas no BOPP nº 34 do día

19 de febreiro de 2016. Na Xunta de Goberno Local do día 12 de xullo de 2016, acordou a concesión de subvencións as entidades deportivas dacordo co detalle que se indica a continuación:

S.D. SILLEDA	3.290,49 €
ESCOLA DE FÚTBOL DE SILLEDA	10.000,00 €
S.D. BANDEIRA	3.187,66 €
C.F. LARO	2.467,87 €
C.F. LAMELA	2.570,69 €
TOXARCO	300,00 €
CLUBE DE XADREZ ÁGORA	668,38 €
BTT	1.696,66 €
CLUBE DE PETANCA BANDEIRA	1.696,66 €
SCDAD. CAZA PESCA E TIRO	2.365,04 €
CLUB PADEL DEZA	925,45 €
C.D. CASTILLO ULLA-DEZA	565,55 €
TOTAL	29.734,45 €

As Bases reguladoras das subvencións para Asociacións Deportivas do Concello de Silleda establecen os seguintes requisitos para a xustificación das cantidades concedidas:

ARTIGO 9.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Os beneficiarios deberán xustificar a aplicación da subvención correspondente ó exercicio 2016 como data límite antes do 15 de decembro de 2016, como condición previa á percepción da subvención concedida.

Poderá solicitarse un anticipo a conta de ata o 50% do importe da subvención concedida, cando por circunstancias debidamente xustificadas se acredite a súa necesidade, e previa xustificación. A xustificación deberá revestir a forma de conta xustificativa, que deberá incluír os seguintes apartados:

- *Memoria das actividades realizadas*
- *Estado detallado de ingresos, no que se especifiquen todos aqueles que financiaron a actividade.*

- *Estado detallado de gastos, no que figuren individualizadamente e polo seu custe unitario todos aqueles nos que se incorrera, acompañados do seu respectivo xustificante e dos documentos acreditativos do pago.*

- *Copia da resolución de concesión.*

- *Acreditación da debida publicidade do carácter público do financiamento.*

Os gastos acreditaranse mediante facturas ou documentos substitutivos de igual eficacia probatoria no tráfico xurídico, acompañadas de declaración xurada do beneficiario ou o seu representante acreditativa de que os gastos documentados neses xustificantes se aplicaron á actividade subvencionada.

A conta xustificativa pasarase á Intervención para o seu informe, e una vez informada elevarase á Xunta de Goberno Local, que decidirá sobre a corrección e suficiencia da xustificación, instando en caso contrario a iniciación do expediente de reintegro, de acordo co establecido na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e máis normativa aplicable.

É necesario ter tamén en conta o disposto no art. 3, que dí o seguinte, respecto dos gastos subvencionables:

ARTIGO 3.- GASTOS SUBVENCIONABLES E CONTÍA DA SUBVENCIÓN

Considéranse gastos subvencionables aqueles de natureza corrente inherentes ó funcionamento da entidade ou clube beneficiarios, tales como gastos federativos, persoal, desprazamentos, suministros e outros de análoga natureza.

O importe da subvención non poderá superar o 100% do custo previsto das actividades programadas, sen que en ningún caso, por sí mesma ou en concurrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo efectivo da actividade desenvolada.

Só se considerarán gastos subvencionables a efectos de xustificación da subvención concedida aqueles que cumpran os requisitos do artigo 31 da Lei Xeral de Subvencións, excluíndose a adquisición de bens inventariables (mobiliario, equipamento, etc.). Se da xustificación presentada polo beneficiario se deduce que o importe subvencionado polo Concello supera este porcentaxe, procederase á redución proporcional do importe da subvención.

O período que se terá en conta para a realización da actividade será do 1 de Xaneiro o 1 de Decembro de 2016.

As subvencións para entidades ou clubs deportivos faranse efectivas con cargo á partida 341.48 do Concello de Silleda do exercicio 2016, ata unha contía global máxima do crédito de 30.000,00 euros, dos cales o importe de 10.000€ serán destinados íntegramente a Escola de fútbol de Silleda.

O Clube de Xadrez Ágora non presentou a data deste informe a documentación preceptiva da xustificación da cantidade outorgada nin escrito da renuncia expresa á mesma polo que queda anulada o obriga do importe concedido.

Por todos os defectos expostos, FISCALÍZASE DE DISCONFORMIDADE a aprobación da conta xustificativa das subvencións ás Asociacións deportivas, interpoñendo o correspondente reparo de legalidade suspensivo do procedemento, por omisión de requisitos ou trámites esenciais, correspondendo o levantamento do mesmo ao Alcalde-Presidente da Corporación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación ó informe emitido polo Interventor accidental, de data 17 de decembro de 2016, sobre xustificación das subvencións concedidas ás Asociacións Deportivas do Concello de Silleda, exercicio 2016, anteriormente transcrito.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as trece horas e cuarenta minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 22 de Decembro de 2016

Vº e Prace
O ALCALDE,

O SECRETARIO

Asdo. Manuel Cuiña Fernández

Asdo. Manuel Quintáns Queiruga